

**PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:**

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios nas claves de sol e fa en 4ª, que incluíra as dificultades propias do 3º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios en tonalidades maiores e menores ata dúas alteracións, que incluíra as dificultades propias do 3º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno/a se lle tocará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse durante a realización.
3. Ditado. Con armadura de ata dúas alteracións, que incluíra as dificultades rítmico-melódicas propias do 3º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos do curso 3º G.E.

**Criterios de avaliación**

1. Ler fragmentos rítmicos nas clave de sol e de fa en 4a, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

**Criterios de cualificación e promoción**

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

Lectura rítmica 35%

Entoación 20 %

Ditado 20%

Teoría 25%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

**PROBA DE TROMPETA**

A proba instrumental consistirá na interpretación, no instrumento da especialidade á cal se opte, de dúas obras de libre elección e un extracto ou obra a primeira vista.

**LISTADO DE OBRAS ORIENTATIVO**

- Piece de concours ..... Picavais
- Waltz From “la perichole” ..... P.Bigot
- Premier Succes..... Picavais
- Aria ..... J S Bach
- Nymphs and shepherds ..... Purcell
- Bagatelle..... M.Perrin

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Comprobar que o alumno posúe os coñecementos necesarios referentes á adopción dunha correcta posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento.
2. Comprobar que o alumno posúe os coñecementos necesarios referentes á respiración, así coma unha correcta embocadura que posibiliten unha boa emisión, articulación, afinación e flexibilidade.
3. Comprobar o dominio da técnica e as posibilidades sonoras do instrumento, dentro dos niveles apropiados ó curso inmediatamente anterior ó que se opta.
4. Avaliar a capacidade do alumno para interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido.
5. Avaliar a capacidade do alumno para interpretar co instrumento obras representativas do seu nivel, con seguridade e control da situación

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

<b>Medida</b>	Dificultade da obra	5% (Ata 0,5 puntos)
	Precisión - Fidelidade a partitura	5% (Ata 0,5 puntos)
	Ritmo - Exactitude	5% (Ata 0,5 puntos)
<b>Fraseo</b>	Expresión – Carácter	10% (Ata 1 punto)
	Articulación	10% (Ata 1 punto)
<b>Emisión</b>	Flexibilidade	10% (Ata 1 punto)
	Son	10% (Ata 1 punto)
	Afinación	5% (Ata 0,5 puntos)
<b>Fisionomía técnica</b>	Posición corporal	5% (Ata 0,5 puntos)
	Colocación do instrumento	5% (Ata 0,5 puntos)
	Embocadura	15% (Ata 1,5 puntos)
	Respiración	15% (Ata 1,5 puntos)

**IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.